

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA



TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I




Documento técnico

DOCUMENTO TÉCNICO

O presente ODE está deseñado na plataforma **Moodle 3.9**, xa que é o **LMS**¹ empregado na etapa de bacharelato. Ademais, os cursos de Moodle son completamente compatibles e reutilizables na plataforma **E-Dixgal** da Consellería de Educación, que se emprega na etapa da ESO.

Está concebido para distribuído nun **ficheiro .mbz**² e restaurado polos usuarios nos seus cursos de Moodle ou de [E-dixgal](#).

Moodle conta cunha comunidade que se ocupa de elaborar a documentación de guía e axuda, chamada **Moodle docs** que se pode atopar en castelán [neste enlace](#) ou na propia Aula Virtual do centro premendo no enlace á documentación que se atopa na parte inferior da páxina do navegador e que ten esta aparencia:

A screenshot shows a dark grey button with a white information icon (i) on the left and the text "Moodle Docs para esta páxina" in white on the right.

Moodle é compatible con **calquera navegador** que cumpla cos estándares actuais en PC's de escritorio e móbiles e ademais conta cunha aplicación para Android e IOS chamada **Moodle App**.

Os contidos dispoñibles no curso preséntanse na súa maioría nos seguintes formatos:

- **PDF:** para os documentos de texto descargables.
- **H5P:** para os contidos interactivos (cuestionarios, vídeos, etc). Para elaborar estes contidos empregouse o plugin H5P que proporciona Moodle. H5P facilita crear, compartir e reutilizar aplicacións e contido **HTML5**.
- **Actividades e recursos de Moodle:** etiquetas, tarefas, ficheiros, etc.

O feito de distribuír o curso en Moodle permite, entre outras, as seguintes vantaxes ao profesorado e alumnado que o empregue:

- **Personalización:** o tema do curso é totalmente personalizable en canto a aparencia e distribución de contidos e recursos.
- **Reutilización:** o curso pode exportarse a un ficheiro .mbz e empregarse en outras aulas virtuais. Os contidos H5P poden ser descargados para a súa reutilización.
- **Dispoñibilidade:** como xa se comentou é accesible dende calquera navegador e conta cunha aplicación propia.
- **Accesibilidade:** a interfaz é intuitiva e, como xa dixemos permite a personalización, facilitando así a adaptación do curso ao DUA.

Para a elaboración de logotipos, esquemas, ilustracións e vídeos empregouse a plataforma [Canva](#). Canva é un sitio web de deseño gráfico e composición de imaxes para a comunicación, que ofrece ferramentas en liña para crear os deseños.

A voz empregada nos vídeos foi xerada dixitalmente empregando [Voicemaker](#), unha IA que permite crear audios a partir de texto e que, ofrece a posibilidade de empregar o galego.

¹ Learning Management System: Sistema de xestión de aprendizaxe.

² Moodle Backup Files